



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 2023

1- OBXECTO E FINALIDADE.

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes de educación infantil, educación primaria obrigatoria e Escola Infantil con enderezo en Vila de Cruces

As axudas serán para libros, material escolar e deportivo, vestiario e calzado, óptica.

Estas axudas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia non competitiva e obxectividade.

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

As subvencións financiaranse con cargo á partida orzamentaria 2019/ 334-480 do orzamento prorrogado aprobado para o exercicio 2019, sendo o crédito total destinado ás axudas 45.000,00 euros.

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vila de Cruces (a comprobación realizarase polo propio Concello).

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- (a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente
 - (b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
 - (c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
 - (d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que conorra esta circunstancia.
- A persoa solicitante debe convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
 - Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas naceran antes do ano 2023.
 - Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros situados no Concello de Vila de Cruces, en Educación Infantil, Educación Primaria ou Escola Infantil. Este requisito será comprobado polo Concello.
 - Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.

4.- CONTIA

O importe das axudas distribuirase en vales cun importe total de 150 euros por alumno/a para as compras realizadas nos comercios adheridos.

O importe subvencionado non poderá superar o 100% do gasto realizado.

5.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Subvencionaranse os gastos realizados nos establecementos adheridos, ata o límite máximo do importe de cada vale, nos seguintes produtos: libros e material escolar, roupa infantil, roupa e elementos deportivos infantís, produtos de óptica.

Concello de Vila de Cruces





Cada vale deberá ser gastado na súa totalidade nun mesmo comercio.

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes que comezará a partir do día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

7.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, tutor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude

Só se aceptará unha (1) solicitude por alumno/a.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
3. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do solitante.
4. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
5. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias na Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa administración autonómica. Comprobarase de oficio a non existencia de débedas co Concello de Vila de Cruces e co Oral, así como non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro no Concello.

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.viladecruces.gal.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

8.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas co límite do crédito dispoñible de 45.000,00€ será en réxime de concorrencia non competitiva. As solicitudes atenderanse por orde de presentación ata o límite da existencia de crédito.

O órgano instrutor será o axente local de emprego encargado de instruír e tramitar os expedientes.

O órgano instrutor notificará ás persoas beneficiarias a concesión de subvención mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses dende a publicación do extracto da presente convocatoria no BOP Pontevedra.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en concreto, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

9.- XESTION DAS AXUDAS

O Concello de Vila de Cruces ten asinados convenios de adhesión cos seguintes comercios locais que participan no programa:

- A casa dos nenos
- Calzados Iglesias
- Mi Tata
- Bazar Elisa
- Óptica Calveiro
- O Bazar
- Librería y Regalos Susana

■ As persoas solicitantes deberán elixir o/os establecementos nos que vaian facer as compras. Poderán elixir un máximo de 3 establecementos. O importe total de 150€ dividirase en vales que se entregarán aos establecementos elixidos seguindo a seguinte fórmula: Se elixe 1 comercio entregarase un vale por importe de 150€, se son 2 os comercios elixidos entregarase un vale por importe de 75€ a cada comercio, e no caso de que se elixan 3 comercios entregarase un vale por importe de 50€ a cada comercio elixido.

■ O Concello entregará os correspondentes vales aos establecementos seleccionados por cada beneficiario. Cada vale debe ser executado no comercio no que se entrega.

■ En cada vale constará o nome da persoa beneficiaria, o nome do alumno/a e o importe. A persoa beneficiaria deberá identificarse para usar o vale. Nunca deberá asinar o vale antes de recibir a totalidade do material e a correspondente factura que deberá detallar os artigos adquiridos con el. A sinatura do vale implica a súa conformidade cos produtos recibidos.

■ O establecemento receptor non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe nin asine o vale antes de recibir os produtos correspondentes.

■ Se o importe dos produtos adquiridos é inferior ao valor do respectivo vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para tal efecto a contía exacta da venda, que debe coincidir coa factura que se emita ao Concello.

■ O Concello non asume máis que o importe máximo consignado no vale e o establecemento presentará a factura onde figure de forma detallada o gasto que se adquire cos vales.

■ Os establecementos, unha vez entregados os produtos, presentarán no Concello unha factura na que se detallará o nome da persoa beneficiaria do vale e a relación dos produtos adquiridos. Deberase presentar unha factura por cada beneficiario. As facturas deberán ir acompañadas dos vales correspondentes.

En ningún caso se aceptarán fotocopias de vales, nin vales en que falte algunha das sinaturas obrigatorias. Tampouco vales que teñan emendas, borróns ou partes que resulten ilexibles. Así mesmo, o importe da factura non pode superar o importe dos vales relacionados.

As persoas beneficiarias deberán usar os vales nos establecementos ata o 31 de outubro de 2023.

Os titulares dos establecementos deberán presentar as facturas correspondentes aos vales entregados ata o 10 de novembro de 2023.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





10.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

- A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se concederá a axuda.
- Comunicar ao Concello de Vila de Cruces a obtención doutros ingresos ou axudas destinadas á mesma finalidade e procedentes de calquera administración pública ou os seus entes dependentes.
- Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
- Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

11.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, nos seguintes casos:

- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobro do 100%.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobro do 100%.

12.- COMPATIBILIDADE

As subvencións que se outorguen ao amparo das presentes Bases serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

13.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaación legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico info@viladecruces.es.
Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

14.- PUBLICIDADE:

A publicidade da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión das subvencións, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos.

Todo iso sen prexuízo da publicación na páxina web do Concello, no seu caso.

15.- RÉXIMEN XURÍDICO.

As subvencións as que se refiren as presentes Bases rexiranse polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido na súa disposición final primeira, no Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O alcalde
Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

Cod. Validación: ZPPZGLY73XFH7ERSM0ZK6HYKY
Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

